

PELÍCULAS IES LAGOA DE ANTELA

El hombre elefante, de David Lynch: Unha historia sobre a beleza e a ruindade moral do ser humano. A finais do s. XIX, o doutor Frederick Treves descobre un home cunha cabeza deforme que, sometido a humillacións e sufrimento, é exhibido como unha atracción de feira.



Shakespeare in love, de John Malden: no reinado de Isabel I Tudor, un talentoso dramaturgo pasa unha crise de concentración. O amor chega de man de Lady Viola, unha dona que garda segredos que William debe descubrir.

Concursante, de Rodrigo Cortés: unha película satírica sobre a sociedade actual e o poder da economía sobre o cidadán. Un premio pode converterse nun verdadeiro pesadelo.



Erin Brockovich, de Steven Soderbergh: a loita contra o poder do capital. Unha muller decide investigar un caso en que os clientes padecen unha sospeitosa enfermidade.

La vida de David Gale, de Alan Parker: a pena de morte cuestionada. A vida de David Gale, profesor universitario activista contra a pena de morte, dá un xiro cando é acusado e condenado pola violación e morte dunha colega.



Cobardes, de José Corbacho e Juan Cruz: unha historia sobre o acoso escolar. Dous rapaces cursan secundaria, un é a vítima e o outro o verdugo. Este encontra a popularidade a través dunha actitude chulesca que fai dano.

El club de los poetas muertos, de Peter Weir: é posible ensinar fóra do sistema e o poder establecidos? Nun colexio privado tradicional un profesor virá revolucionar o sistema educativo en aras de ensinar a loitar polos soños e aproveitar o tempo, carpe diem.



American History X, de Tony Kaye: historia dramática coa violencia neonazi de tema central. Un mozo sae do cárcere, onde estivo por matar unha persoa negra, e encóntrase con que o irmán segue a ideoloxía racista neonazi que o conduciu á cadea.

A.I. (Intelixencia artificial), de Steven Spielberg: é posible fabricar tecnoloxía con sentimentos? Ata onde ten dereito o ser humano a experimentar? Nun mundo futuro os seres humanos conviven con robots. David é un robot-neno que é programado para querer pero os humanos non están preparados para que as máquinas sintan




Contagio, de Steven Soderbergh: o medo é o noso peor inimigo. Un virus mortal propágase por todo o mundo e comeza a morrer xente.

Una botella en el mar de Gaza, de Thierry Binisti: unha visión distinta sobre o conflito palestino-israelí. Tal é una moza xudía que contacta aleatoriamente cun mozo palestino co que intercambia impresións co obxectivo de entender o conflito entre os dous pobos.



También la lluvia, de Icíar Bollaín: a auga é un ben prezado que é obxecto de desexo polo mercado. Uns españois viaxan a Bolivia para rodar unha película sobre Cristobal Colón. Na zona que se traballa unha multinacional pretende privatizar a auga provocando a ira da poboación.

La princesa Mononoke, de Hayao Miyazaki: O mozo Ashitaka sae en busca do deus Cervo para que lle axude a curar unha ferida. Ao longo do percorrido descobre como os animais do bosque loitan contra os humanos que queren destruír a Natureza.



LIBROS PARA O VERÁN




O león kandinga, de Soniface Ofogo e Elisa Arguilé. A tribu africana de los bantú conta a fábula do león Kandinga para explicar que a crueldade e o egoísmo conducen á desgraza.

A princesiña que conducía unha locomotora, de Clara Roxo. A historia dunha princesiña que quere converterse nunha maquinista de tren e saír e ver mundo, pois a Corte, chea de príncipes azuis, é moi aburrida.



El misterio del cuarto amarillo, de Gaston Leroux: nun cuarto amarelo cométese un crime e ninguén pode acudir axudar a vítima, pois a porta está pechada por dentro.

Endogamia 0.2, de Ramón Caride Ogando. Relatos sobre problemas decisivos para a humanidade ante os que non se admite a indiferenza: a violencia sobre as mulleres, a enerxía nuclear, a doenza do Alzheimer e a investigación médico-farmacéutica.



Flor de arena, de Manuel Lorenzo González. A historia dunha moza iraquí que, destinada a ser a doce esposa dun persoeiro, se atreveu a rachar co destino para exercer o rol tradicional feminino nunha sociedade conservadora e baixo dominación estranxeira.


Las tres heridas, de Paloma Sánchez-Garnica: Ernesto, un escritor en busca dunha boa historia que narrar, atopa unha foto dunha parella tomada o 19 de xullo de 1936 nunha aldea próxima a Madrid e decide investigar. Os horrores da guerra, a miseria, o odio, a vinganza emerxen do pasado e van confundirse no presente.





Sabor a canela, José Carlos Carmona: a historia dunha muller que aspiraba a ser directora de orquestra nun mundo cheo de obstáculos para o sexo feminino.

Sacrificio a Mólek, de Asa Larsson: un novo caso para Rebecka Martinsson, a fiscal do distrito, que debe evitar que maten a Markus, o único membro dunha familia que aínda non foi asasinado. *Aurora boreal*, *Sangre derramada*, *La senda oscura* e *Cuando pase tu ira* son as novelas desta autora sueca con Rebecka Martinsson de protagonista.




Entra en mi vida, de Clara Sánchez. Verónica descobre na carteira de seu pai una fotografía dunha nena que nunca viu. A partir de aquí percibe que algún misterio se agocha na familia, un pasado oculto, roubado, ao que acabará enfrontándose.

El maestro del Prado, Javier Sierra: Javier Sierra encontra un enigmático guía no Museo do Prado que o guía polos fascinantes segredos dalgúns cadros. Obras de Rafael, Tiziano, el Bosco, Botticelli, Brueghel ou o Greco adquiren novos significados nesta investigación dirixida, á que se suma unha moza, Marina, tamén atraída polos misterios que se agochan detrás das pinturas.



Invierno ártico, de Arnaldur Indridason: un neno de nai tailandesa e pai islandés é asasinado cando volvía do colexio. A investigación para esclarecer o crime destapa as pantasma do racismo na sociedade da illa nórdica.

Uñas y dientes, de Ian Rankin: Un maníaco anda solto polas rúas do East End londinense. O modus operandi achégao ao perfil do mítico Jack o Destripador: despois de cada asasinato, arranca e inxire unha parte do corpo da súa vítima.



El aviso, de Paul Pen: unha historia que se repite con diferentes protagonistas en cada novo suceso. Un caso de intriga que agocha un enigma.